

# **P**ROXECTO **L**INGÜÍSTICO DE **C**ENTRO

CPI de Cova Terreña



Presentado ao Claustro: 21/setembro/2023

Aprobado en Consello Escolar: 27/setembro/2023

Vixencia: 2024/2027

# Índice

|    |                                                                            |    |
|----|----------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. | Introdución                                                                | 3  |
| 2. | Estudo sociolingüístico                                                    | 4  |
|    | O CORPUS                                                                   | 4  |
|    | A) Alumnado                                                                | 4  |
|    | B) Profesorado                                                             | 7  |
|    | C) Familias                                                                | 8  |
|    | D) Conclusións                                                             | 9  |
| 3. | Obxectivos                                                                 | 11 |
|    | 3.1. TRATAMENTO INTEGRADO das LINGUAS (TIL) e MEDIDAS DE CONCRECIÓN        | 11 |
|    | a. Traballar na comprensión de textos orais ( <i>aprender a escoitar</i> ) | 12 |
|    | b. Traballar na comprensión de textos escritos (aprender a ler)            | 12 |
|    | c. Traballar na produción de textos orais (aprender a falar)               | 12 |
|    | d. Traballar na produción de textos escritos (aprender a escribir)         | 13 |
|    | MEDIDAS de CONCRECIÓN                                                      | 13 |
|    | a. Establecer uns criterios de escritura e fala correcta                   | 13 |
|    | b. TRABALLO por PROXECTOS a nivel interdisciplinar                         | 14 |
|    | c. LECTURA en todas as áreas:                                              | 14 |
|    | d. Técnicas de estudo                                                      | 15 |
|    | 3.2 Obxectivos e liñas de actuación para o fomento do galego               | 15 |
|    | 3.3 Actuacións sobre a atención á diversidade dende o PLC                  | 17 |
| 4. | Recursos humanos e materiais                                               | 20 |
| 5. | Linguas a empregar por áreas /materias                                     | 21 |
| 6. | Avaliación                                                                 | 27 |

# 1.Introdución

Este Proxecto Lingüístico de centro forma parte do Proxecto Educativo de Centro e foi redactado pola comisión de profesorado determinada polo Decreto 79/2010, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, coa vinculación de parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

De todos é sabido que a lingua é patrimonio cultural dun pobo e obxecto de consideración e protección, pois constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade, tal e como acontece a respecto da lingua galega.

Dende sempre adquirir dúas linguas a un tempo nunca debeu nin debe presentar un problema, senón todo o contrario: é unha riqueza que de xeito favorable influirá posteriormente na adquisición doutras linguas. No noso caso, coma sociedade que vive en situación de diglosia, segundo a terminoloxía de C. Ferguson (1959), aspiramos a convivir nunha comunidade bilingüe, pois a convivencia das dúas linguas cooficiais e próximas, neste caso o galego e mais o castelán, posibilita contextos de aprendizaxe que se transfiren espontaneamente. Non está de máis lembrar que as linguas suman coñecemento e que o plurilingüismo é a norma xeral no mundo, mentres que o monolingüismo constitúe unha rara excepción, ao tempo que o mundo global e a maneira de comunicarnos demanda un manexo dinámico de cada vez máis idiomas.

O proxecto lingüístico do CPI de Cova Terreña ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística 3/1983, e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e a Orde 10 de febreiro de 2014 para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, onde se regulan as medidas adoptadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

O principal obxectivo deste proxecto é garantir que o noso alumnado remate os seus estudos cunha competencia lingüística plena nas dúas linguas cooficiais de Galicia e unha formación competente en linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, o francés e mais o portugués.

O Decreto 79/2010 recolle, ademais, que cada catro cursos escolares o Proxecto Lingüístico será remitido á Inspección educativa para a súa supervisión, pero que anualmente se elaborará unha addenda cos cambios que se produzan e as novidades que se deban incorporar ao devandito Proxecto Lingüístico de Centro.

## 2. Estudo sociolingüístico

O paso previo ante calquera acto de planificación lingüística é coñecermos o punto de partida para poder realizar un diagnóstico claro e actualizado da situación. De aí importancia do presente estudo sociolingüístico, que nos vai guiar no deseño de actuacións dentro deste PLC, que nace coa vocación de se converter nun documento pragmático e de referencia para o tratamento das linguas e a promoción da lingua galega no CPI de Cova Terreña.

### O CORPUS

As enquisas -de elaboración propia do EDLG- pretenden afondar en tres aspectos fundamentais de calquera estudo sociolingüístico: o uso (lingua inicial e habitual), a competencia (nas catro destrezas básicas), e as actitudes.


Con este obxectivo realizamos as preguntas nun formulario de Google Drive que incorporamos á [web do centro](#) para o alumnado (que acompañado polas titorías foi cubrindo o inquérito nas aulas de referencia ou na de informática), e familias (que recibiron a notificación a través de Abalar Móbil); pola súa banda, o profesorado recibiu no correo corporativo o enlace coa enquisa.

Deste xeito, cubriron as enquisas todo o alumnado de EP e ESO, 33 docentes (%) e 138 familias, polo que estamos ante unha mostra certamente significativa. Debullemos agora as respostas por sectores.

#### a) O alumnado

Onde vives?

144 respostas




Nota: no gráfico aparecen sinalados algúns topónimos incorrectamente, pois deberían ser “Sabarís, Pinzás (Tomiño), Tomiño e Vincios, Panxón, Fontes Baíña, Nigrán e Tui”.

En primeiro lugar cómpre indicar que o 69,4 % do noso alumnado reside no **núcleo urbano** do Concello, dato que vai ser moi relevante á hora de cruzalo coa lingua inicial, o que supón un descenso de 10 puntos a respecto do último PLC que vén de finalizar a súa vixencia. Por outra banda, o 23,6 % provén maioritariamente da parroquia de Belesar -pois o seu CEIP está adscrito ao noso centro e incorpórase en 1º ESO-. Finalmente, unha minoría do alumnado, entre o 1 e o 3 % é orixinario dos concellos veciños de Gondomar, Oia e Nigrán, mesmo con algún caso puntual de Tomiño ou Tui.

Lingua inicial. En que lingua aprendiches a falar?

144 respostas




Nota: no gráfico aparecen algunhas denominacións incorrectas a respecto das linguas, pois debería indicar: “brasileiro, castelán e portugués”, correctamente acentuados.

O castelán é a lingua inicial maioritaria do noso alumnado; nela aprendeu a falar o 63 9 % da rapazada do noso CPI, o que representa un retroceso de 5 puntos a respecto do anterior PLC. En positivo, aumenta o número de alumnos e alumnas que recoñecen as dúas linguas cooficiais como linguas iniciais, con case un 28 %, o que representa un aumento de catro puntos. Porén, apenas un 6% ten o galego como lingua inicial. En porcentaxes moito máis baixas se sitúa o portugués ou o chinés. Agora ben, ao cruzarmos estes datos -que describen ben ás claras un contexto claramente desgaleguizado- co da lingua habitual, amosa aínda unha realidade máis dura para a lingua de noso. Velaquí o gráfico:

### Que lingua falas habitualmente coa túa familia?

144 respostas




Nota: no gráfico debería aparecer a denominación “chinés” e “holandés”.

No ámbito familiar, o monolingüismo en castelán acada o 43,8 % e usos bilingües con prioridade do castelán o 40,3 %, dato este último que baixa case dez puntos a respecto da última enquisa. Con isto podemos concluír algo xa esperado, e é que o castelán é a lingua maioritaria do 84 % do noso alumnado, e a única que utiliza a metade deles. Por outra banda, un 3% usa máis o galego ca o castelán e un 1% (3 persoas) só o galego.

### Lingua habitual. Fóra das clases, que lingua falas habitualmente?

144 respostas




Nota: no gráfico están mal escritas ou mal acentuadas as palabras “chinés, castelán, inglés, portugués”.

Fóra das aulas, resulta significativo afondarmos nos interlocutores destes usos lingüísticos, pois o monolingüismo en castelán retrocede até o 36,8 %, mentres que a prevalencia do uso do castelán fronte ao galego aumenta ao 54,9 %, o que nos indica que o galego ocupa parte deses usos alleos ás aulas, malia que claramente a lingua castelá é a elixida para comunicarse entre iguais.

### En que lingua che falan na casa (responsable primeiro)?

144 respostas




Nota: no gráfico están mal escritas ou mal acentuadas as palabras “chinés, castelán, inglés, portugués”.

En troques, o uso do galego sobe á hora de falar coa familia, pois máis do 10 % falan máis galego ou só galego na casa, mentres que un 47,9 % fala só castelán e un 29,2 % máis castelán, aínda que tamén usa ocasionalmente o galego. Vemos, xa que logo, que o contacto e uso da lingua galega dáse no ámbito familiar, e o se uso medra ao tempo que remontamos xeracións.


### En que lingua che falan os teus avós?

143 respostas



### Que lingua falas habitualmente coas túas amizades?

144 respostas




Nota: no gráfico están mal escritas ou mal acentuadas as palabras “chinés, castelán, inglés, portugués”.

De feito, no gráfico da fala cos avós e avoas, o uso monolingüe do galego e máis a prevalencia do galego sobre o castelán obtén un 24,5 % e un 26,6 %, respectivamente; mentres, o uso monolingüe do castelán ou a prevalencia do castelán fronte ao galego só presenta uns datos de 18,2 % en ambos casos. Consecuentemente, a medida que avanzamos nas idades da poboación adulta, observamos que estes seguen empregando maioritariamente a lingua galega, aínda que a perda da transmisión interxeracional pode condenar estes resultados nun futuro próximo. Finalmente, o avance do monolingüismo en castelán, incluso no alumnado procedente de parroquias máis rurais coma Belesar, evidencia a confirmación dunha realidade, e esta ten relación co descenso paulatino de falantes de galego de idades temperás. Ademais, observamos que a lingua segue a ser o castelán nas relacións de amizade e que adoitan contestar maioritariamente na lingua en que se lles fala, aínda que se o castelán é maioritario, o emprego da lingua galega vai situarse en niveis moi baixos.


En que lingua te desenvolves mellor para falar?

144 respostas



En que lingua te desenvolves mellor para escribir?


144 respostas



En canto á **competencia**, preguntamos pola lingua de destrezas básicas agás a comprensión, que resulta evidente na observación directa. O alumnado desenvólvese mellor en castelán oralmente (76,4 %), e tamén na escritura (66,7 %). Escriben e falan indistintamente en galego ou castelán un 27% do alumnado, porcentaxe que sobe para a lectura ata un 34 %, varios puntos por riba da anterior enquisa. Unha competencia maior para o galego é residual en cada unha das destrezas.

### En que lingua prefires facer as túas buscas en internet?


144 respostas



Neste estudo que acompaña o PLC 2023-2027 prestamos unha especial atención ás redes sociais e ás novas tecnoloxías. A respecto das buscas na rede Internet, a maior parte do alumnado decantouse polo castelán, un 75 %, mentres que un 20,8 % empregan o galego e o castelán por igual. O uso en exclusiva en galego ou portugués descende até un 2 % e un 1,4 %, así como a utilización doutras linguas internacionais como o inglés ou o francés.


### Valora esta afirmación: "o galego é unha lingua útil"

144 respostas



Valora esta afirmación: "en Galicia debería usarse máis o galego"


144 respostas



Para rexistrar as actitudes que poden sustentar certos prexuízos que se fan moi evidentes na observación diaria, pedimos que se valorasen unha serie de enunciados. Ante as afirmacións diáfanas de que “o galego é unha lingua útil” e que “en Galicia debería falarse máis galego” atopamos respostas moi similares por bloques: só o 17,3 % di estar bastante ou completamente en desacordo, mentres que o alumnado restante se mostra bastante ou completamente de acordo, situando a primeira nun 40,3 % e a segunda nun 49,3 % para a primeira das afirmacións. Esta actitude positiva cara ao galego tamén se mantén na segunda das afirmacións, cun 51,4 % bastante de acordo e un 41 % completamente de acordo, o que evidencia a eliminación de certos prexuízos.


Valora esta afirmación: "o galego é unha lingua axeitada para a música ou as películas/series"

144 respostas



Valora esta afirmación: "o galego é unha lingua axeitada para as plataformas de streaming, redes sociais e videoxogos"


142 respostas



Pola contra, atopamos certos prexuízos en canto relacionamos a lingua cara ao ocio e o lecer da mocidade. A valoración do enunciado "o galego é unha lingua axeitada para os videoxogos, música cine ou internet" reduce a súa aceptación de maneira que temos dous bloques parellos entre os que aceptan ou non que esta afirmación en maior ou menor grao, aínda que lixeiramente favorábeis á lingua galega.

Valora esta afirmación: "o acento galego é propio da xente de aldea"


144 respostas



Tamén preguntamos pola percepción social da lingua a través da valoración do acento galego, e vemos como segue a pervivir entre a xente nova un prexuízo que vén tan de vello: temos un 25 % do noso alumnado que considera que a lingua galega é cousa de "xente de aldea".

Consideras que unha persoa que fala galego faino porque non sabe falar outra lingua?

144 respostas




Finalmente, un 89,6 % considera que a xente que fala galego si sabe falar outra lingua, e que fala a lingua propia de Galicia por convencemento ou pola súa comodidade, mentres que pouco máis do 10 % afirma que non sabe outra lingua.

## b) O profesorado


En que lingua aprendiches a falar?

29 respostas



Que lingua empregas habitualmente?


29 respostas



De 51 docentes (un compartido con outro centro) foron 29 os que cubriron a enquisa, polo que estamos ante unha mostra significativa. A lingua inicial do persoal docente é maioritariamente o castelán (58,6 %), por un 20,7 % bilingüe e outro tanto para o galego. Máis importante no día a día é a lingua habitual, e o peso do castelán segue a ser maior: un 58,6 % utiliza máis o castelán ca o galego e un 17,2 % afirmase monolingüe nese idioma. Pola outra banda, apenas chega a un 25 % do profesorado que utiliza máis ou unicamente o galego, o que supón un descenso de cinco puntos a respecto da enquisa do anterior Plan Lingüístico de Centro.


Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?

29 respostas



Xa dentro da **competencia** a percepción dos docentes é de estar altamente capacitados para empregar o galego no seu traballo (69 %), mentres que menos dun 9% pensa que ten unha capacidade baixa ou moi baixa. Porén, ao debullarmos as destrezas básicas vemos como non concordan exactamente coa resposta anterior:


En que lingua te desenvolves mellor para:



Vemos como hai un equilibrio no emprego de ambas as dúas linguas tanto para a fala como para a escrita e a lectura, mentres que algúns poucos docentes manifestan unha maior destreza na fala e na escrita en galego fronte ao castelán. Finalmente, ninguén recoñece que le mellor en galego ca en castelán.


### Valora os seguintes enunciados "en Galicia debería usarse máis o galego"

29 respostas




### "A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece"

29 respostas




Gustaríache que houberse máis contidos en galego nos medios de comunicación / internet?

29 respostas




Pensas que actualmente o galego se utiliza...

29 respostas




En xeral, na sociedade pensas que o galego se utiliza máis, menos ou igual que hai cinco anos?

29 respostas




E nos centros educativos, pensas que o galego se utiliza máis, menos ou igual que hai cinco anos?

29 respuestas



E dentro de cinco anos, en xeral, pensas que o galego se utilizará?

29 respuestas




No tocante ás **actitudes** do profesorado son maioritariamente positivas cara á lingua galega, o seu proceso de normalización así como verbo da realidade plurilingüe. Así, agás nunha das respostas, todo o profesorado considera que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece. Do mesmo xeito, considérase que o galego é unha lingua axeitada para o ocio (internet e videoxogos) e que se debería utilizar máis en Galicia (75 %). Por outra banda, un 62 % do profesorado considera que se emprega pouco a lingua galega e que se utiliza menos que hai cinco anos; cando menos un 51 % está convencido desta afirmación. Sobre o emprego nos centros educativos hai un sorprendente equilibrio entre os que pensan que se utiliza máis, os que din que se usa menos e os docentes que afirman que se emprega igual. A respecto de situacións futuríbeis, en cinco anos case a metade do profesorado, un 48,3 % considera que a realidade será igual, mentres que un 20,7 % se amosa máis optimista; pola contra, un 31 % pensa que a situación será máis negativa.

### c) As familias


Indique a etapa/s educativa do alumno/a do que é responsable (pode marcar varias opcións)

70 respostas




En que lingua aprendeu a falar vostede?

70 respostas




Que lingua emprega habitualmente vostede?

70 respostas




## Como aprendeu vostede a falar galego?

70 respostas



O número de enquisas cubertas polas familias, despois de seren avisadas a través do Consello Escolar, cartalaría no centro e mais o Abalar Móbil, foi de 70, o que podemos considerar coma un número baixo, mais que pode servir cando menos para establecer unha aproximación á realidade lingüística das familias do noso centro educativo. A propósito da lingua inicial podemos dicir que replican mimeticamente as respostas do alumnado: 52,9 % aprendeu a falar en castelán e un 30 % declárase de comezos bilingüe. En canto á lingua habitual, volve confirmarse a posición residual do galego, pois só un 10 % das familias afirman utilizaren máis o galego ca o castelán e 2 seren monolingües en galego; en positivo, cómpre destacar o alto número de persoas que declaran falar máis castelán ca galego, e que manifestan o seu coñecemento, cun 51,4 %. Deste xeito, case a metade dos participantes declaran que coñeceron a lingua galega a través da familia, un 47,1 %, mentres que un 40 % adquiriu as súas competencias na escola.


En que lingua se desenvolve mellor vostede para:



Este desequilibrio entre unha e outra lingua no seu uso habitual ten a súa correspondencia na **competencia** para as destrezas básicas, tanto para falar como para escribir, onde hai unhas enormes diferenzas entre a lingua castelá e a galega, en favor da primeira. As porcentaxe de fala en lingua galega son baixas, mais as da lectura e da escrita son mínimas, case imperceptíbeis.


### Valore os seguintes enunciados: "en Galicia debería usarse máis o galego"

70 respostas




### "A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece"

70 respostas




### "As matemáticas e as materias científico-técnicas pódense aprender en galego"

70 respostas




Valora esta afirmación: "o galego é unha lingua axeitada para as plataformas de streaming, redes sociais e videoxogos"

70 respostas




"O galego é unha lingua válida para os produtos literarios e artísticos"

70 respostas




"O acento galego é propio da xente de aldea"

70 respostas



## "O ensino en galego axuda a fomentar o prestixio social desta lingua"

70 respostas



Ao analizarmos as **actitudes** vemos como están vixentes algúns prexuizos lingüísticos que parten de actitudes moi negativas cara ao plurilingüismo e o propio proceso de normalización da lingua galega. Así, verbo do plurilingüismo no enunciado “a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece”, se sumamos a xente que lle resulta indiferente coa que está bastante ou moi en desacordo obtemos un sorprendente 11,5 % de respostas. Ao focalizarmos as actitudes no galego está **bastante ou moi desacordo** en que:

“O galego debería utilizarse máis en Galicia” → 23 %

“As mates e materias científico técnicas pódense aprender en galego” → 40 %

“O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos e internet” → 22,5 %


“O galego é unha lingua válida para os produtos literarios e artísticos” → 12,8 %

“O ensino en galego axuda a fomentar o prestixio social desta lingua” → 22,9 %

Esta visión nesgada da lingua galega complétase coa percepción da súa presenza na escolarización obrigatoria:


## "As horas e materias que se imparten en galego seguindo a lexislación educativa actual son"

70 respostas




Gustaríalle que houberse máis contidos en galego nos medios de comunicación / internet?

70 respostas




Considera que unha persoa que fala galego faino porque non sabe falar outra lingua?

70 respostas




Pensa que actualmente o galego se utiliza...

70 respostas




En xeral, na sociedade pensa que o galego se utiliza máis, menos ou igual que hai 5 anos?

70 respostas




E nos centros educativos, pensa que o galego se utiliza máis, menos ou igual que hai 5 anos?

70 respostas



E dentro de cinco anos, en xeral, pensa que o galego se utilizará...

70 respostas



Curiosamente, ao analizarmos a percepción da vixencia e futuro da lingua xorden resultados contraditorios. Así, un 50 % pensa que o galego se utiliza pouco na sociedade (fronte a un 18,6 % que pensa que se utiliza bastante); porén, sobre o uso do galego nos centros educativos respecto a hai 5 anos, a resposta maioritaria é que se utiliza máis (55,7 %), fronte un 30 % que escolle igual e un 14,3 % pensa que menos. Comprobamos, daquela, como a entrada en vigor hai xa case unha década do Decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino, que limitaba as horas e as materias en lingua galega, non se corresponde coa percepción da comunidade educativa. Finalmente, un 34,3 % das familias consideran que se emprega menos que hai cinco anos, malia que a percepción sobre a lingua galega é

aceptábel. Por outra banda, máis dun 50 % dos inquéritos indican que ás familias lles gustaría que houbera máis contidos en lingua galega nas redes sociais e nos medios de comunicación. É posíbel que haxa un cambio de tendencia de cara a neutralizar os prexuízos lingüísticos que antano existían sobre a lingua galega, mais isto non mellora o número de falantes nin a competencia que amosan.

## Conclusións

Unha vez debullados os datos das enquisas podemos establecer unha serie de conclusións que ditarán as necesidades de actuación do CPI de Cova Terreña no tratamento integral das linguas e, sobre maneira, os eixos nos que se debe mover o EDLG do noso centro:

- **A creba xeracional de transmisión da lingua está consolidada en Baiona.** Os resultados maioritarios do castelán como lingua inicial entre alumnado e proxenitores indica que a perda da transmisión da lingua xa foi efectiva na xeración anterior. Isto tamén o podemos comprobar ao ver como os poucos usos do galego fóra da aula da nosa rapazada son maioritariamente cos avós, e mesmo que en ocasións se vén incrementados pola diglosia que vén actuando coma prexuízo lingüístico dende hai varias xeracións.
- **O galego é a lingua minoritaria no CPI de Cova Terreña, mesmo residual entre o alumnado.** Os datos de uso así o indican, coa máis preocupante preponderancia de usos monolingües en castelán, aínda que a percepción da lingua galega como minorizada ten diminuído nos últimos tempos, o que amosa que moitos prexuízos si se están a superar nas xeracións máis novas.
- **O noso alumnado non se declara competente en lingua galega.** Segundo as súas respostas, temos unha ampla porcentaxe de alumnos que mostran dificultades para falar en galego (máis ca para ler ou escribir, que tamén). Só se pode garantir escoller con liberdade unha lingua cando se posúen as súas destrezas comunicativas, obxectivo que se debe acadar nas dúas linguas cooficiais por todo o alumnado ao remataren a escolarización obrigatoria ESO; obxectivo que, como vemos, non se está a cumprir.
- **A escola non é un elemento galeguizador compensatorio.** Neste contexto castelán falante, o centro educativo ten que procurar crear contextos propicios para que o alumnado se exprese en galego, pois vemos que o utilizan máis na casa ca na escola. No profesorado perviven usos e actitudes que se afastan en parte dun perfil de modelo ecolingüístico, quen de valorar todas as linguas na diversidade propia do plurilingüismo e, ao tempo, situar a lingua de noso no albo dunha maneira de pensar o mundo e coma

un patrimonio común -á marxe da lingua que utilice cadaquén na súa vida-.

- **Existen actitudes negativas sobre a lingua galega que alimentan prexuizos vellos e novos.** Vimos como estas ideas negativas, que parten dunha visión nesgada da realidade plurilingüe, están presentes en todos os colectivos da comunidade educativa, e moi especialmente entre o noso alumnado que non percibe o galego coma algo positivo, propio, a conservar e protexer, pois dános un valor engadido, senón coma unha lingua carente de utilidade, propia do mundo rural e das persoas maiores, e alleo á súa realidade.

## 3. Obxectivos

### 3.1. TRATAMENTO INTEGRADO das LINGUAS (TIL) e MEDIDAS DE CONCRECIÓN.

O *Tratamento Integrado das Linguas* é a programación consensuada das linguas empregadas no centro educativo. Nesta programación débese partir de presupostos comúns e metodoloxías similares para facilitar o trasvasamento *de coñecementos* dunhas linguas a outras. Esta necesidade de elaborar un plan de actuación común parte do feito de que todas as linguas comparten a mesma finalidade: a comunicación.

Como se menciona no “*Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*”, temos a necesidade dun proxecto común integrador xa que “...os individuos non gardamos as linguas e culturas en compartimentos estancos estritamente separados, senón que desenvolvemos unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e nas que as linguas se relacionan entre si e interactúan”.

Por iso, o Tratamento Integrado das Linguas (TIL) trata de poñer as bases para crear un alumnado plurilingüe, que se poida aproveitar de todos os coñecementos adquiridos en todas as linguas do centro e sexa capaz de usalos co maior grao posible de Competencia Lingüística e Comunicativa.

Por iso, faise necesaria a coordinación xeral das diferentes linguas en todas as materias e propoñemos un *marco xeral* para a mellora e potenciación de todas as habilidades lingüísticas, escoitar e entender, ler e comprender, saber falar e saber escribir, xunto coa interacción a todos os niveis.

É moi importante entender que as habilidades lingüísticas nunca teñen lugar totalmente illadas: cando falamos de algo, normalmente falamos daquilo que acabamos de escoitar ou de ler. Cando escribimos sobre algo, escribimos sobre algo que acabamos de ler ou escoitar. Cando escoitamos, moitas veces estamos a ler ao mesmo tempo e tamén estamos tomando notas, isto é, escribindo, e moitas veces, facemos preguntas e polo tanto falamos. Toda as destrezas, xunto coa interacción, deben de ser sempre vistas en conxunto nun contexto e sempre relacionadas entre si.

Así, acordamos desde o grupo do Proxecto Lingüístico de Centro para o Tratamento Integral das Linguas do centro:

### **a. Traballar na comprensión de textos orais (*aprender a escoitar*):**

En todas as materias sería interesante a posta en práctica de actividades en que o alumnado teña que escoitar e traballar ese “aprender a escoitar”. Actividades tales coma programas de radio, documentais, vídeos na Web, visionado de montaxes audiovisuais, relatorios ou conferencias, cancións ou anuncios publicitarios son unha grande axuda para potenciar o “aprender a escoitar”, intentando recoñecer palabras clave, ideas principais e secundarias, saber diferenciar o ton dun texto oral, saber discernir as verdades das mentiras (ou *fakes*) nas redes e medios sociais ou a finalidade comunicativa do texto. Este obxectivo convértese incluso en primordial no panorama actual do lecer da rapazada, xa que adican moito tempo ao visionado de vídeos en plataformas coma Tiktok ou Youtube, xa en idades temperás, converténdose tamén nun lugar de aprendizaxe e de socialización, polo que é aínda máis urxente facilitarlles esta competencia para que poidan discriminar unha información veraz dunha manipulada, unha opinión persoal, unha ironía ou unha broma de bo ou mal gusto e poder desbotar retos perigosos para a súa integridade física e moral.

Tamén é interesante mencionar que debemos “ensinar” ao alumnado a escoitar, a estar calado mentres outros expoñen, respectar as ideas dos demais e respectar a quenda de palabra, atender e tomar notas do que se está a dicir para logo opinar ou contrastar. Como se comentou antes, escoitar está intimamente ligado coas outras habilidades e, a fin última de moitas destas actividades de escoita será a de “producir”, ben sexa oralmente ou na escrita, contestando preguntas, dando opinións, argumentando a favor ou en contra, así como mostrarlle ao alumnado a importancia de escoitar, entender e comprender as opinións e puntos de vista dos demais.

### **b. Traballar na comprensión de textos escritos (*aprender a ler*):**

En todas as materias débese traballar a lectura de textos de distinta tipoloxía e formato, extraer información dos mesmos, saber interpretalos, diferenciar ideas principais e secundarias, saber extraer o ton, saber diferenciar o seu contido e fomentar un espírito crítico sobre o que se acaba de ler para ser capaces de dicir se están de acordo ou non coas ideas expostas no texto. Tamén teñen que aprender a discernir e diferenciar o certo do que pode ser falso (outra vez as chamadas *fake news*, tan comúns hoxe en día na Web ou nos nosos móbiles a través de redes sociais coma whatsapp ou twitter). Estamos a fomentar así a utilización da biblioteca tradicional e da virtual, mediante os recursos que ofrecen as TIC.

O mesmo ca antes, temos que ensinar ao alumnado a importancia de ler, ben sexa

por pracer ou para recadar información e aprender sobre a realidade que nos rodea, e incrementar a nosa destreza lingüística e vocabulario. Despois de ler estaremos máis preparados para “producir” a lingua, ben sexa falando ou escribindo, contestando preguntas ou dando o noso punto de vista ou a nosa opinión.

### **c. Traballar na produción de textos orais (*aprender a falar*):**

Tamén debemos para promover e mellorar a Competencia Comunicativa, potenciar o uso da expresión oral en todas as materias: facer exposicións orais (tanto improvisadas como planificadas con soporte audiovisual), produción de textos orais de ficción, técnicas de “role play” con dramatización de situacións reais e cotiás (como comprar billetes para viaxar, preguntar por direccións, facer reclamacións, reservar habitacións ou pedir comida nun restaurante), debates na clase, traballos de investigación e *web quests*, onde se plasmen ao final os resultados obtidos, presentación de produtos ou procesos ou xogos en grupo coma o Trivial ou pequenos concursos de preguntas e respostas, xunto con presentacións en clases.

Desta maneira, e desenvolvendo estas actividades, tamén estarían a aprender a escoitar aos demais, aprenderían a buscar información, resumila e logo comunicala aos outros, e eles mesmos estarían a ser os profesores e profesoras xa que estarían a ensinar aos demais, adoptando un rol activo no proceso ensino-aprendizaxe. Tamén estaríamos a fomentar que o alumnado aprendese a tomar notas mentais do que se está a dicir e respectar a quenda de palabra con educación e respecto cara aos outros participantes, sen esquecer que se traballan tamén aspectos paralingüísticos tan importantes como a correcta vocalización, a intensidade da voz, o timbre, o ritmo, as pasusas e a linguaxe xestual.

### **d. Traballar na produción de textos escritos (*aprender a escribir*):**

Tamén o alumnado debe producir textos escritos de diversa índole adecuados ás diferentes materias e niveis. Así, sería básico saber escribir textos creativos, pequenos relatos ou contos; e tamén a redacción de textos máis relacionados con dar información sobre un tema que aconteceu (unha noticia) ou textos de opinión (vantaxes e desvantaxes) fomentando o espírito crítico do alumnado e analizando a realidade que os rodea, ser capaz de ver os pros e contras e emitir xuízos de valor dando a súa opinión contrastada e con respecto. Tamén saber escribir *Curriculum Vitae*, cartas de presentación, cartas de solicitude de traballo ou ben cartas de reclamacións para envialos a empresarios ou compañías vía

electrónica. O alumnado debería ser orientado de cara a redactar este tipo de mensaxes escritas ensinándolle e corrixiéndolle en cuestións tales como gramática e ortografía, e tamén as diferentes convencións estruturais en canto a escribir con lóxica respostas ou explicacións breves, valorando o feito de que empreguen introducións, división en parágrafos, conectores textuais e saber redactar conclusións dunha forma lóxica, organizada e coherente empregando con corrección signos de puntuación, así como outros de exclamación ou interrogación.

A irrupción da intelixencia artificial na nosa vida e no mundo da docencia, coma os tradutores, correctores ortográficos, e máis concretamente o uso do chat “GPT” para a redacción de traballos, obríganos a reformular o uso dos tempos de traballo na aula e na casa, privilexiando que o traballo de redacción ou elaboración dun documento final se faga preferentemente na aula para garantir a orixinalidade do texto ou do traballo presentado.

## **MEDIDAS de CONCRECIÓN:**

Para reforzar ditas habilidades lingüísticas o **PLC determina:**

### **a. Establecer uns criterios de escritura e fala correcta**

Ademais das materias en que existen estándares de aprendizaxe relativos á corrección lingüística, **todas as áreas, niveis e departamentos** deberán incluír nos seus criterios de avaliación aquel referido á corrección lingüística en calquera produción textual (exame, control, texto escrito, exposición, actividade, traballos de aula...) baixo estes tres parámetros:

- Respecto pola ortografía (erros na escrita de letras, e corrección na acentuación gráfica e no emprego dos signos de puntuación).
- Corrección léxica e gramatical (vocabulario axeitado, evitar repeticións, concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión, coherencia, gramaticalidade e adecuación textual).
- Presentación dos traballos escritos (caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras ou borranchóns).

Naquelas materias onde non existan estándares específicos, **cómpre engadir estándares de aprendizaxe propios en cadansúa programación para recoller os anteriores parámetros.**

## **b. TRABALLO por PROXECTOS a nivel interdisciplinar:**

Tendo en conta os beneficios de colaborar en todas as linguas e en todas as materias á hora de potenciar a adquisición dunha óptima Competencia Comunicativa, estimamos que o traballo por proxectos pode ser dunha grande axuda de cara a acadar os nosos obxectivos.

Todos os anos proporase un tema ou temas para ser tratados e traballados de maneira interdisciplinar nas distintas etapas. O resultado final ha de ser compartido co resto da comunidade educativa mediante a elaboración de produtos (unha revista, páxina web ou blog, material audiovisual), onde se recollan as actividades realizadas.

O tema proposto para o curso escolar 2023-2024 como proxecto conxunto é “O mar que nos une”.

## **c. LECTURA en todas as áreas:**

Para fomentar o hábito lector buscarase o equilibrio entre a imposición dunha lectura e a invitación á mesma. Deberemos estimular o alumnado coas vantaxes e beneficios que lle proporcionará a lectura, intentando empregar textos amenos para que non os abandone. O libro de lectura debe adecuarse ou aproximarse aos obxectivos de cada materia, ao nivel educativo, ao grao de madurez e ao nivel curricular do alumnado. Finalmente, pódense aproveitar as lecturas para traballar os aspectos da competencia lectora e/ou traballo de investigación.

Fomentarase tanto o uso da biblioteca tradicional como a virtual (a través dos recursos que ofrecen as TIC) coma fonte de material para a elaboración dos traballos de investigación e coma servizo de préstamo de lecturas en todas as áreas. En Educación Infantil e Primaria incidirase na potenciación da lectura a través da Biblioteca, que coordina a Hora de Ler nas distintas etapas así coma os Clubs de Lectura na ESO.

## **d. Técnicas de estudo:**

O programa de técnicas de estudo e habilidades intelectuais será tratado dende todas as áreas e materias e tamén figurará no Plan de Acción Titorial. O departamento de Orientación axudará e asistirá ao profesorado neste campo.

Neste eido de actuación tamén se ten traballado a través dos Contratos Programa (PROA) e a través da ANPA, mediante un proxecto de formación en técnicas de estudo para o alumnado do centro; medidas que se van procurar manter para beneficio da comunidade educativa.

### **3.2 Obxectivos e liñas de actuación para o fomento do galego.**

Cos datos dimanantes do renovado estudo sociolingüístico, concluímos que o uso do galego no CPI de Cova Terreña é absolutamente minoritario, mesmo marxinal, e tamén minorizado nos ámbitos de ocio e relacional entre a rapazada. O profesorado é o sector máis concienciado e usuario da lingua galega, que arrastra canda si unha serie de estereotipos e prexuízos de vello. Diagnosticarmos como operan eses prexuízos a través da análise sociolingüística é chave, pois así poderemos deseñar as actividades de modo máis acaídas e necesarias.

Deste xeito, continuaremos a movernos baixo as seguintes premisas xerais: buscamos promover o uso do galego oral e escrito (certames literarios, vídeos, coro, clubs de lectura...); estreitar as relacións entre os membros da comunidade escolar, alumnado e profesorado, nais e pais, persoal non docente (facéndooos participantes de concursos, relatorios ou conferencias); potenciar a relación cos centros educativos da nosa contorna e doutras realidades sociolingüísticas para que o noso alumnado interactúe con rapazada galegofalante da súa idade (realizando intercambios presenciais ou a través de traballos na rede e videoconferencias); colaborar con entidades como o Concello de Baiona (Rap contra a Violencia de Xénero, utilización de espazos para facer exposicións de proxectos TIL abertos á cidadanía...), a Deputación de Pontevedra (Obradoiro de regueifas), a AELG, a FANPA da provincia (certame de microrrelatos)...; incrementar a presenza do idioma na Internet (publicando videopoemas na web, dinamizando o blog Biblioteca-DACE-EDLG...); promover a cultura de noso e a creatividade do alumnado (asistencia a representacións teatrais, cine, concursos...).

Para esta angueira contamos coa colaboración imprescindible do equipo directivo, os distintos departamentos representados na CCP, o equipo da Biblioteca e o EDLG, canle última das actuacións de reforzo e fomento da lingua galega no noso CPI.

No deseño das restantes actuacións, daquela, cómpre afianzar os usos da lingua galega por parte da comunidade educativa que están encamiñadas a unha valoración positiva da lingua propia e da variedade local, así como ofertar actividades e modelos

atraentes para o noso alumnado e os seus gustos de lecer (rap / regueifas / audiovisual); traballarmos, xa que logo, as actitudes cara á lingua e loitar contra os prexuizos.

Para isto trazamos unha serie aberta de actividades propostas desde o EDLG en coordinación co equipo da Biblioteca -con quen colaboramos e deseñamos moitas actividades dinamizadoras-, e contamos co amparo do equipo directivo para acadar os seguintes obxectivos que debullamos por sectores:

## **OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Garantir que a lingua galega sexa o vehículo de expresión normal na información do centro educativo.
- Intentar que o galego sexa a lingua habitual do centro, tanto a nivel oral coma escrito, e promover o seu uso en todos os actos internos e públicos.
- Comprometer na tarefa normalizadora ao maior número posible de membros da comunidade educativa.
- Participar nas actividades deseñadas desde o EDLG.
- Usar o galego de forma preferente nas actividades extraescolares e favorecer a participación en actividades culturais en galego organizadas polo centro educativo ou por outras entidades.
- Divulgar o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa e, sobre todo, polo profesorado, persoal non docente e alumnado.

### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO**

- Informar ao profesorado de forma exhaustiva das normas que regulan o uso do galego no ensino, facendo especial fincapé nas materias que obrigatoriamente se teñen que impartir en galego.
- Asesorar no eido lingüístico aos departamentos e profesores que o precisen para realizaren os materiais e actividades que requiran.
- Concienciar o profesorado (ademais de persoal non docente e o alumnado), da necesidade de usar o idioma en todos os ámbitos e áreas, implicando todos os axentes no proceso normalizador. O profesorado ten un papel fundamental non só de transmisor, senón tamén de axente eliminador de prexuizos; debemos, polo tanto, procurar que teña as ferramentas e formación necesaria para que se sinta seguro no seu papel normalizador e implicar ao maior número deles en todas as actividades que sexa posible.

- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas en calquera situación.
- Fomentar a autoestima dos falantes e da variedade lingüística propia.
- Promover a lectura en galego, así como a creación de textos de todo tipo.

## **OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO**

- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a evidencien coma unha lingua moderna e de futuro.
- Procurar que a actitude do alumnado cara á lingua e á cultura galega sexan positivas.
- Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de fala oficial castelá, con nulo ou escaso dominio da lingua galega.
- Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado de países estranxeiros con falas oficiais diferentes á galega e castelá, con nulo ou insuficiente dominio das dúas linguas oficiais.
- Conseguir que ningún alumno/a saia do centro sen ter competencias plenas, no nivel que corresponde, no uso oral e escrito do galego e do castelán.
- Promover a participación do alumnado en todas aquelas actividades encamiñadas á promoción do uso do galego.

## **3.3 Actuacións sobre a atención á diversidade dende o PLC.**

A atención a diversidade ten que ser entendida como o conxunto de actuacións para dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, situacións sociais, culturais etc.

O PLC inclúe dous tipos de medidas: xenéricas e específicas.

**As medidas xenéricas** fan referencia á elección das estratexias máis axeitadas para favorecer a aprendizaxe das linguas (favorecer o traballo activo, xestión dos recursos da aula, traballo de busca de información), empregando o galego e castelán de xeito equilibrado.

Na etapa de Ed. Infantil estase a desenvolver un P.E.L.O. (**P**rograma de **E**stimulación da **L**inguaxe **O**ral). Este programa pretende contribuír á mellora da competencia lingüística dende a Ed. Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade e ofrecendo un marco axeitado para o desenvolvemento da linguaxe. No último curso de Ed. Infantil

comezarse a introdución da linguaxe escrita (identificación dos distintos fonemas, as súas representacións gráficas...)

**As medidas específicas** fan referencia á necesidade de apoio que precise o alumnado para poder acadar o máximo desenvolvemento lingüístico. Entre estas medidas de atención á diversidade incluimos as seguintes:

- Avaliación do alumnado que poida ter maiores dificultades na adquisición das linguas vehiculares.
- Intervención en relación coas alteracións na linguaxe oral ou escrita.
- Emprego de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación nos casos que así o precisen.
- Ensinanza das linguas oficiais coma nova lingua para o alumnado que non coñeza ningunha das dúas linguas oficiais. No caso de exención de galego seguirase a lexislación vixente.

*Todas estas medidas encóntranse recollidas no Decreto 229/2004 onde se recollen as medidas de atención ao alumno estranxeiro e no Decreto 229/2011 de 7 de decembro que regula a atención á diversidade, así como no Decreto 79/2010 no que se recolle a exención da lingua galega.*

As distintas medidas poderán desenvolverse sempre que sexa posible na aula ordinaria pero teranse sempre en conta as necesidades do alumnado, polo que se poderán aplicar as medidas extraordinarias fóra da aula ordinaria: ACs, Grupos de adquisición de linguas, grupos de adaptación de competencia curricular, atención educativa por parte dos especialistas de PT ou AL; tendo en conta sempre as posibilidades humanas e materiais do centro.

Débense tamén establecer mecanismos para a coordinación entre o profesorado do centro que atende as distintas etapas educativas. Deste xeito poderán recollerse as distintas propostas para mellorar a competencia comunicativa que se encontran plasmadas nas distintas programacións.

En Ed. Infantil as competencias non veñen indicadas pero é necesario que exista unha coordinación axeitada entre esta etapa e o 1º curso de Ed. Primaria, favorecendo que as aprendizaxes sexan progresivas.

Algunhas orientacións para formular ditas hipóteses:

As medidas teñen que ser coherentes.

- As lecturas e as tarefas de expresión e comprensión orais e escritas serán equilibradas, sen que primen unhas actividades sobre outras.
- De se realizaren tarefas integradas non poderán ser repetitivas.

## **4. Recursos humanos e materiais**

Como recursos para elaborar o presente documento contamos coa colaboración de toda a comunidade educativa, pois as enquisas realizadas tanto ás familias, ao alumnado como ao profesorado, constitúen un pilar fundamental neste PLC achegando unha visión da realidade de xeito obxectivo e claro.

Sobre dita realidade versou a elaboración do presente documento, tendo en conta os puntos febles existentes e facendo fincapé nos puntos fortes para así poder realizar propostas adecuadas e realizables, adaptadas ás características do centro.

Facendo referencia a ditas propostas, para a posta en práctica do PLC contamos con diferentes recursos materiais no centro como: unha biblioteca escolar que se atopa dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), unha aula de informática destinada á realización de prácticas de investigación e experimentación equipada cunha impresora 3D, unha cortadora láser, un chroma, diversos materiais para a elaboración de recursos audiovisuais, entre outros. Así mesmo, contamos con equipamento E-DIXGAL, pantallas dixitais e canóns en todas as aulas, ferramentas de reprografía e un taboleiro de anuncios específico, elementos que nos axudan a levar a cabo os obxectivos establecidos.

Do mesmo xeito, para o desenvolvemento do presente plan contamos con recursos persoais numerosos, en que se enmarca tanto o profesorado das diferentes etapas presentes no CPI (infantil, primaria e secundaria); as familias ás que se convidará a participar nas diferentes iniciativas levadas a cabo e o persoal non docente, en definitiva, a totalidade da comunidade educativa que conforma o CPI Cova Terreña.

Por outra banda, é necesario contar co abeiro de diferentes institucións locais, autonómicas, nacionais e internacionais ás que poidamos acudir ao longo dos catro nos de vixencia do plan na busca de recursos e cooperación. Deste xeito implicarémolas no desenvolvemento e posta en marcha das accións que se leven a cabo, contanto así con apoios externos ao centro.

## 5. Linguas a empregar por áreas /materias

### 1º PRIMARIA

| MATERIA                        | HORAS | IDIOMA   |
|--------------------------------|-------|----------|
| Lingua galega e Literatura     | 4     | Galego   |
| Lingua castelá e Literatura    | 4     | Castelán |
| Matemáticas                    | 5     | Castelán |
| Ciencias sociais               | 2     | Galego   |
| Ciencias da natureza           | 3     | Galego   |
| Lingua estranxeira: Inglés     | 2     | Inglés   |
| Educación plástica e visual    | 1     | Castelán |
| Música e danza                 | 1     | Galego   |
| Educación física               | 2     | Galego   |
| Relixión/Proxecto competencial | 1     | Castelán |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 4        | Galego   | 12    | 48%        |
| 5        | Castelán | 11    | 44%        |
| 1        | Inglés   | 2     | 8%         |
|          |          | 25    | 100%       |

### 2º PRIMARIA

| MATERIA                     | HORAS | IDIOMA   |
|-----------------------------|-------|----------|
| Lingua galega e Literatura  | 4     | Galego   |
| Lingua castelá e Literatura | 4     | Castelán |
| Matemáticas                 | 5     | Castelán |
| Ciencias sociais            | 3     | Galego   |
| Ciencias da natureza        | 2     | Galego   |
| Lingua estranxeira: Inglés  | 2     | Inglés   |
| Educación plástica e visual | 1     | Castelán |
| Música e danza              | 1     | Galego   |
| Educación física            | 2     | Galego   |

|                                |   |          |
|--------------------------------|---|----------|
| Relixión/Proxecto competencial | 1 | Castelán |
|--------------------------------|---|----------|

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 5        | Galego   | 12    | 48%        |
| 4        | Castelán | 11    | 44%        |
| 1        | Inglés   | 2     | 8%         |
|          |          | 25    | 100%       |

### 3º PRIMARIA

| MATERIA                        | HORAS | IDIOMA               |
|--------------------------------|-------|----------------------|
| Lingua galega e literatura     | 4     | Galego               |
| Lingua castelá e literatura    | 4     | Castelán             |
| Matemáticas                    | 4     | Castelán             |
| Ciencias Sociais               | 2     | Galego               |
| Ciencias da natureza           | 3     | Galego               |
| Lingua estranxeira: Inglés     | 3     | Inglés               |
| Educación plástica e visual    | 1     | Castelán/Inglés SSBB |
| Música e danza                 | 1     | Galego               |
| Educación física               | 2     | Galego               |
| Relixión/Proxecto competencial | 1     | Castelán             |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 5        | Galego   | 12    | 48%        |
| 3        | Castelán | 10    | 40%        |
| 2        | Inglés   | 3+(1) | 12%        |
|          |          | 25    | 100%       |

### 4º PRIMARIA

| MATERIA                     | HORAS | IDIOMA   |
|-----------------------------|-------|----------|
| Lingua galega e Literatura  | 4     | Galego   |
| Lingua castelá e Literatura | 4     | Castelán |
| Matemáticas                 | 4     | Castelán |

|                                |   |                      |
|--------------------------------|---|----------------------|
| Ciencias sociais               | 3 | Galego               |
| Ciencias da natureza           | 2 | Galego               |
| Lingua estranxeira: Inglés     | 3 | Inglés               |
| Educación plástica e visual    | 1 | Castelán/Inglés SSBB |
| Música e danza                 | 1 | Galego               |
| Educación física               | 2 | Galego               |
| Relixión/Proxecto competencial | 1 | Castelán             |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 5        | Galego   | 12    | 48%        |
| 3        | Castelán | 10    | 40%        |
| 2        | Inglés   | 3+(1) | 12%        |
|          |          | 25    | 100%       |

### 5º PRIMARIA

| MATERIA                        | HORAS | IDIOMA   |
|--------------------------------|-------|----------|
| Lingua galega e literatura     | 4     | Galego   |
| Lingua castelá e literatura    | 4     | Castelán |
| Matemáticas                    | 4     | Castelán |
| Ciencias Sociais               | 2     | Galego   |
| Ciencias da natureza           | 3     | Galego   |
| Lingua estranxeira: Inglés     | 3     | Inglés   |
| Educación plástica e visual    | 1     | Castelán |
| Música e danza                 | 1     | Galego   |
| Educación física               | 2     | Galego   |
| Relixión/Proxecto competencial | 1     | Castelán |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 4        | Galego   | 12    | 48%        |
| 5        | Castelán | 10    | 40%        |
| 1        | Inglés   | 3     | 12%        |
|          |          | 25    | 100%       |

## 6º PRIMARIA

| MATERIA                        | HORAS | IDIOMA   |
|--------------------------------|-------|----------|
| Lingua galega e Literatura     | 4     | Galego   |
| Lingua castelá e Literatura    | 4     | Castelán |
| Matemáticas                    | 4     | Castelán |
| Ciencias sociais               | 2     | Galego   |
| Ciencias da natureza           | 2     | Galego   |
| Lingua estranxeira: Inglés     | 3     | Inglés   |
| Educación plástica e visual    | 1     | Castelán |
| Música e danza                 | 1     | Galego   |
| Educación física               | 2     | Galego   |
| Relixión/Proxecto competencial | 1     | Castelán |
| Educación en valores cívicos e | 1     | Castelán |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 6        | Galego   | 11    | 44%        |
| 4        | Castelán | 11    | 44%        |
| 1        | Inglés   | 3     | 12%        |
|          |          | 25    | 100%       |

## 1º ESO (LOMLOE)

| MATERIA                                 | HORAS      | IDIOMA           |
|-----------------------------------------|------------|------------------|
| Lingua galega e literatura              | 3          | Galego           |
| Lingua castelá e literatura             | 3 + 1 L.D  | Castelán         |
| 1º Lingua estranxeira                   | 3 + 1 L.D. | Inglés           |
| Matemáticas                             | 4          | Castelán         |
| Xeografía e historia                    | 3          | Galego           |
| Educación física                        | 2          | Galego           |
| Bioloxía e xeoloxía                     | 3          | Galego           |
| Relixión/Proxecto competencial (SS.BB.) | 1          | Castelán/ Inglés |

|                                          |   |                    |
|------------------------------------------|---|--------------------|
| 2º Lingua estranxeira                    | 2 | Francés/ Portugués |
| Educación plástica, visual e audiovisual | 2 | Galego             |
| Tecnoloxía e dixitalización              | 3 | Castelán           |
| Titoría                                  | 1 |                    |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 5        | Galego   | 13    | 52%        |
| 4        | Castelán | 12    | 48%        |
|          |          |       | 100%       |

### 2º ESO (LOMLOE)

| MATERIA                                   | HORAS     | IDIOMA         |
|-------------------------------------------|-----------|----------------|
| Lingua galega e literatura                | 3 +1 L.D. | Galego         |
| Lingua castelá e literatura               | 3         | Castelán       |
| 1º Lingua estranxeira                     | 3         | Inglés         |
| Matemáticas                               | 4 +1 L.D. | Castelán       |
| Xeografía e historia                      | 3         | Galego         |
| Educación física                          | 2         | Galego         |
| Física e química                          | 3         | Castelán       |
| Música                                    | 2         | Galego         |
| Relixión/ Proxecto competencial ( SS.BB.) | 1         | Galego/ Inglés |
| 2ª Lingua estranxeira Francés             | 2         | Francés        |
| Tecnoloxía e dixitalización               | 3         | Castelán       |
| Titoría                                   | 1         |                |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS | PORCENTAXE |
|----------|----------|-------|------------|
| 5        | Galego   | 12    | 46.153%    |
| 4        | Castelán | 14    | 53.846%    |
|          |          |       | 100%       |

### 3º ESO (LOMLOE)

| MATERIA | HORAS | IDIOMA |
|---------|-------|--------|
|---------|-------|--------|

|                                                |                               |   |                  |
|------------------------------------------------|-------------------------------|---|------------------|
| Lingua galega e literatura                     |                               | 3 | Galego           |
| Lingua castelá e literatura                    |                               | 3 | Castelán         |
| 1º Lingua estranxeira                          |                               | 3 | Inglés           |
| Matemáticas                                    |                               | 4 | Castelán         |
| Xeografía e historia                           |                               | 3 | Galego           |
| Educación física                               |                               | 2 | Galego           |
| Bioloxía e xeoloxía                            |                               | 2 | Galego           |
| Física e química                               |                               | 2 | Castelán         |
| Relixión/Proxecto competencial (SS.BB.)        |                               | 1 | Castelán/ Inglés |
| Educación en valores cívicos e éticos          |                               | 1 | Castelán         |
| Educación plástica, visual e audiovisual       |                               | 2 | Galego           |
| Música                                         |                               | 2 | Castelán         |
| Titoría                                        |                               | 1 |                  |
| Optativa autonómica<br>( 1 materia a escoller) | 2ª Lingua estranxeira Francés | 3 | Francés          |
|                                                | Cultura clásica               |   | Galego           |
|                                                | Educación dixital ( SSBB)     |   | Galego/ Inglés   |
|                                                | Oratoria                      |   | Galego           |
|                                                | Educación financeira          |   | Galego           |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS   | PORCENTAXE |
|----------|----------|---------|------------|
| 5        | Galego   | 12 (+3) | 48%        |
| 6        | Castelán | 13      | 52%        |
|          |          |         | 100%       |

### 3º PDC ( LOMLOE)

| MATERIA                       |                             | HORAS | IDIOMA   |
|-------------------------------|-----------------------------|-------|----------|
| Ámbito científico tecnolóxico | Matemáticas                 | 4     | Castelán |
|                               | Bioloxía e xeoloxía         | 2     | Galego   |
|                               | Física e química            | 2     | Castelán |
| Ámbito lingüístico e social   | Lingua galega e literatura  | 3     | Galego   |
|                               | Lingua castelá e literatura | 3     | Castelán |
|                               | Xeografía e historia        | 3     | Galego   |

|                                                |                               |   |                  |
|------------------------------------------------|-------------------------------|---|------------------|
|                                                | 1º Lingua estranxeira         | 3 | Inglés           |
| Educación física                               |                               | 2 | Galego           |
| Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)       |                               | 1 | Castelán/ Inglés |
| Educación en valores cívicos e éticos          |                               | 1 | Castelán         |
| Titoría                                        |                               | 1 |                  |
| Optativa autonómica<br>( 1 materia a escoller) | 2ª Lingua estranxeira Francés | 3 | Francés          |
|                                                | Cultura clásica               |   | Galego           |
|                                                | Educación dixital ( SSBB)     |   | Galego/ Inglés   |
|                                                | Oratoria                      |   | Galego           |
|                                                | Educación financeira          |   | Galego           |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS   | PORCENTAXE |
|----------|----------|---------|------------|
| 5        | Galego   | 10 (+3) | 48%        |
| 6        | Castelán | 11      | 52%        |
|          |          |         | 100%       |

### 4º ESO (LOMLOE)

| MATERIA                                             |                       | HORAS | IDIOMA           |
|-----------------------------------------------------|-----------------------|-------|------------------|
| Lingua galega e literatura                          |                       | 3     | Galego           |
| Lingua castelá e literatura                         |                       | 3     | Castelán         |
| 1º Lingua estranxeira                               |                       | 3     | Inglés           |
| Matemáticas A / Matemáticas B                       |                       | 4     | Castelán         |
| Xeografía e historia                                |                       | 3     | Galego           |
| Educación física                                    |                       | 2     | Galego           |
| Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)            |                       | 1     | Castelán/ Inglés |
| Titoría                                             |                       | 1     |                  |
| Materias de opción de 4º<br>(4 materias a escoller) | Bioloxía e xeoloxía   | 3     | Galego           |
|                                                     | Física e química      |       | Castelán         |
|                                                     | Formación profesional |       | Castelán         |
|                                                     | Latín                 |       | Galego           |

|  |                                       |  |          |
|--|---------------------------------------|--|----------|
|  | Economía e emprendemento              |  | Galego   |
|  | Expresión artística                   |  | Galego   |
|  | Música                                |  | Castelán |
|  | 2ª Lingua estranxeira Francés         |  | Francés  |
|  | Tecnoloxía                            |  | Castelán |
|  | Dixitalización                        |  | Galego   |
|  | Introdución á intelixencia artificial |  | Galego   |

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS    | PORCENTAXE |
|----------|----------|----------|------------|
| 3        | Galego   | 8 (+12)  | 50%        |
| 3        | Castelán | 8 (+12)  | 50%        |
|          |          | 16 (+12) | 100%       |

#### 4º PDC ( LOMLOE)

| MATERIA                                             |                                    | HORAS | IDIOMA           |
|-----------------------------------------------------|------------------------------------|-------|------------------|
| Ámbito científico tecnolóxico                       | Matemáticas                        | 4     | Castelán         |
|                                                     | Bioloxía e xeoloxía                | 3     | Galego           |
|                                                     | Física e química                   | 3     | Castelán         |
| Ámbito lingüístico e social                         | Lingua galega e literatura         | 3     | Galego           |
|                                                     | Lingua castelá e literatura        | 3     | Castelán         |
|                                                     | Xeografía e historia               | 3     | Galego           |
|                                                     | 1ª Lingua estranxeira              | 3     | Inglés           |
| Educación física                                    |                                    | 2     | Galego           |
| Relixión/ Proxecto competencial (SS.BB.)            |                                    | 1     | Castelán/ Inglés |
| Titoría                                             |                                    | 1     |                  |
| Materias de opción de 4º<br>(2 materias a escoller) | Profesional de orientación persoal | 3     | Castelán         |
|                                                     | Latín                              |       | Galego           |
|                                                     | Economía e emprendemento           |       | Galego           |
|                                                     | Expresión artística                |       | Galego           |
|                                                     | Música                             |       | Castelán         |
|                                                     | 2ª Lingua estranxeira Francés      |       | Francés          |
|                                                     | Tecnoloxía                         |       | Castelán         |
|                                                     |                                    |       |                  |

|  |                |  |        |
|--|----------------|--|--------|
|  | Dixitalización |  | Galego |
|--|----------------|--|--------|

| MATERIAS | IDIOMA   | HORAS   | PORCENTAXE |
|----------|----------|---------|------------|
| 4        | Galego   | 11 (+6) | 50%        |
| 3        | Castelán | 11 (+6) | 50%        |
|          |          | 22 (+6) | 100%       |









## 6. Avaliación

Para facer do PLC un documento operativo e posibilitar a análise da situación, cómpre realizarmos a súa correspondente avaliación xunto coa **memoria final de curso**.

A importancia desta avaliación versa na observación da situación actual do tratamento das linguas a nivel de centro e na súa evolución de cara aos próximos cursos tras a posta en marcha do actual Proxecto Lingüístico de Centro. Deste xeito poderemos avaliar a efectividade das medidas e consideracións recollidas no mesmo e realizar propostas de mellora cara a próximas elaboracións.

Os ítems que se terán en conta para dita avaliación do PLC serán por un lado o grao de cumprimento acadado dos obxectivos propostos, e por outro os ítems que figuran a continuación:

- Grao de cumprimento das medidas de concreción do PLC.
- Participación do profesorado.
- Propostas de mellora por parte dos diversos equipos docentes.